



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade



MEMORIA ANUAL

CIM DE RIBADEO

ANO 2005

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. **Ficha técnica**
2. **Actividades desenvolvidas** distintas da propia actividade asistencial do CIM reflectida na estatística do SGI-REI: conferencias, encontros, xornadas, seminarios, obradoiros e outras: (1 ficha/páx por actividade)
 - *Descrición do contido da actividade*
 - *Data de inicio – finalización.*
 - *Núm. de horas.*
 - *Núm. de participantes (por sexo / idade)*
 - *Público obxectivo.*
 - *Valoracións:*
 - *Da entidade organizadora.*
 - *Do público asistente.*
3. **Comentarios e observacións sobre todas as funcións do CIM** (extensión máx. 2 páx.)
4. **Suxestións, queixas e denuncias ás administracións** (extensión máx. 2 páx.)
5. **Relacións con outras entidades:** (extensión máx. 2 páx.)
 - *Xunta de Galicia: consellerías, organismos, colexios, etc.*
 - *Outras institucións: universidades, deputacións, concellos, etc.*
 - *Organismos e entidades da área de muller: asociacións, fundacións, ONGs, centros de atención especializada a mulleres, etc.*
 - *Outras organizacións e entidades públicas e privadas: colexios profesionais, org. empresariais, sindicais, federacións, asociacións, empresas, etc.*
6. **Relacións cos medios de comunicación** (emisión de publicidade, colaboracións, etc.) (extensión máx. 2 páx.)
7. **Formación continua do persoal do cim:** (relación de asistencias) (extensión máx. 1 páx.)
8. **Anexos** (documentos de especial interese)

Ficha técnica

Localización			
Denominación	Centro de Información ás Mulleres		
Titularidade	Municipal	Dependencia (alcaldía, concellería)	Concellaría de Muller
Enderezo	Praza de España 1		C.P. 27700
Localidade	Ribadeo	Provincia	Lugo
Teléfonos	982.120.739	Fax	982.13.09.75
Correo electrónico	cim@ribadeo.org		
Área de influencia	Ribadeo, Barreiros, Pontenova, Trabada		
Ano de inicio de actividade	1 de setembro de 2004		
Períodos interrupción	1 maio de 2005 a té 15 de xullo de 2005		

Prestación do servizo	
Días e horario de atención a usuarias	08:30 até 15:00h
Días e horario de asesoramento xurídico	10:00 até 14:00h (de luns a venres)
Días e horario de atención psicolóxica	10:00 até 14:00h (os luns e o venres)

Persoal			
Avogada (nome, apelidos)	Luísa González Rodríguez	Directora	<input checked="" type="checkbox"/> si
Psicóloga (nome, apelidos)	Fiamma Prada Lens	Directora	<input type="checkbox"/> non
Outro persoal do CIM (nome, apelidos)		Cat. profesional/tipo contrato	

Orzamentos		
Custo anual (€)	Financiamento propio (€)	Ingresos doutras administracións (tipo/finalidade/€)
35000	5000	30000 Xunta

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM)

Identificación da actividade	CELEBRACIÓN DO DIA 8 DE MARZO. CONCERTO DO GRUPO MALVELA EDCIÓN E DISTRIBUCIÓN DUN FOLLETO EXPLICATIVO DO SIGNIFICADO DA DATA “ UN DIA PARA RENOVAR OS SOÑOS”									
Lugar e datas de realización	PRESENTACIÓN DA CAMAPAÑA DE CONMEMORACIÓN DA DATA O 3 DE MARZO CONCERTO O DIA 12 DE MARZO ÁS 20:30 H NO AUDITORIO MUNICIPAL.									
Núm. de horas	O concerto durou 1:30 min aprox..									
Núm. de participantes										
HOMES	10									
por idade	<18:		18-30:	1	30-40:	3	40-50:	4	> 50:	2
MULLERES	45									
por idade	<18:	01	18-30:	4	30-40:	10	40-50:	10	> 50:	20
PÚBLICO OBXECTIVO	Ao público en xeral									
Descrición do contido da actividade										
<p>Reparto dun folleto “ <i>Un día para renovar os soños</i>” onde se explica a orixe da conmemoración desta data, e as diferentes teorías sobre a súa institucionalización, e no cal se reivindicán melloras para as mulleres.</p> <p>Espectáculo musical e audiovisual do grupo Malvela “ <i>Que o pano non me namora</i>. Espectáculo audiovisual no que as imaxes proxectadas acompañanse aos versos e á música e serven para amosar a capacidade lírica das nosas mulleres, desas voces que gozan na festa pero tamén conteñen a forza poética da Terra. Música, imaxes e literatura, coa participación de Dorinda Castro na lección e lectura dos textos literarios, propios ou tomados da tradición literaria feminina en Galiza.”</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
O espectáculo resultou ser novidoso e moi dinámico. Esta formación resultaba interesante non xa polo que facían, senón polo proceso de conformación que tiveron como grupo. O grupo Malvela xurdiu a partir dun cursiño de cantos populares dirixido pola cantante Uxía Senlle e organizado hai xa uns anos pola Asociación de Mulleres Rurais de Mos. Está formado por mulleres(cerca de 20) de todas as idades(entre os 18 até os 80) , e tamén hai algún home.										
do público asistente										
Aínda que o público asistente non foi numeroso, saliu sorprendido e marabillado co espectáculo. Salientaron a forza e o dinamismo dalgunhas das mulleres, as de maior idade(a señora María que no escenario transmite unha forza e ilusión)										
Custo global da actividade:	2126.40 euros(Actuación e cartelería)									
Identificación da	CONFERENCIA SOBRE “AS MULLERES EN PALESTINA”									

actividade	CONTAMOS CON :MAHA NASSAR (PRESIDENTA DA UNIÓN DE COMITÉS DE MULLERES PALESTINAS) EJUANI RISHAWI (REPRESENTANTE DOS COMITÉS DE SAÚDE EN PALESTINA)									
Lugar e datas de realización	O DIA 16 DE MARZO ÁS 20:00H NO SALÓN DE ACTOS DO PARADOR DE TURISMO									
Núm. de horas	Aproximadamente 2h.									
Núm. de participantes										
HOMES	56									
por idade	<18:		18-30:	3	30-40:	10	40-50:	5	> 50:	4
MULLERES	34									
por idade	<18:	0	18-30:	4	30-40:	24	40-50:	4	> 50:	2
PÚBLICO OBXECTIVO	Ao público en xeral									
Descrición do contido da actividade										
A intención era coñecer polas `propias protagonistas, cómo viven as mulleres en Palestina, os seus dereitos como mulleres e como Palestinas. A influencia que a situación do pobo palestino ten nas súas vidas no día a día.										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
A valoración foi positiva, xa que nos permitiu coñecer cal é a situación do pobo palestino, e cómo viven ás mulleres e as familias, con experiencias e anécdotas moi concretas, pero moi clarificadoras. Neste caso, a loita pola liberación das mulleres vai unida a loita pola liberación do pobo palestino. A súa intervención despertou o debate e as preguntas do público asistente.										
do público asistente										
Gustoulles poder compartir outras experiencias doutros pobos. Sairon amosando a súa solidariedade co pobo palestino.										
Custo global da actividade:										

Identificación da actividade	EXPOSICIÓN " A CIENCIA TEN NOME DE MULLER"									
Lugar e datas de realización	DO 4 AO 15 DE XUÑO NA OFICINA DE TURISMO DE RIBADEO									
Núm. de horas	72 h									
Núm. de participantes										
HOMES	300									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	400									
por idade	<18:	01	18-30:	4	30-40:	10	40-50:	10	> 50:	20
PÚBLICO OBXECTIVO	Ao público en xeral									

Descrición do contido da actividade	
<p>Recolle a biografía de 56 científicas (Premios Nobel, matemáticas, biólogas, astrónomas, físicas, inventoras..) A autoría do traballo corresponde a catro alumnas do IES Porta da Auga.</p> <p>Acompañouse dunha mostra de libros de ensaio, biografías, novelas e contos infantís non sexistas, durante os fins de semán.</p> <p>O obxectivo era visibilizar o papel da muller ao longo da historia no mundo das ciencias.</p>	
Valoración da actividade desenvolvida	
da entidade organizadora	
<p>A actividade foi organizada por unha asociación de mulleres do Concello "Colectivo 8 de marzo", e coa colaboración do IES Porta da Auga (quén cedeu a exposición) e o propio CIM. Valoramos positivamente que as iniciativas xurdan nas asociacións, xa que agás este caso, non son moi activas. O contido da exposición estaba moi ben, e ademais a mostra dos libros, serviu para dar a coñecer unha parte da historia das mulleres, mulleres escritoras, científicas, feministas...</p>	
do público asistente	
<p>A aceptación do público foi boa, sobre todo da exposición, xa que aos libros non se lle fixo tanto caso, non resultou tan interesante para o público en xeral.</p>	
Custo global da actividade:	Edición cartaces (30 euros)

Identificación da actividade	II FOROS PERMANENTES PARA A MULLER. OS LUNS SON PARA TI									
Lugar e datas de realización	19 DE SETEMBRO ATÉ O 10 DE OUTUBRO REALIZARONSE 4 CHARLAS DEBATE TODOS OS LUNS ÁS 20:00H NO AUDITORIO MUNICIPAL. NO RURAL FIXERONSE EN SETE PARROQUIAS AS CHARLAS, EN HORARIOS ACADEMIAIS PARA CADA UNHA (VILAUSENDE, REMOURELLE, CEDOFEITA, VILAFRAMIL, COUXELA, RINLO, A DEVESA)									
Núm. De horas	22 h aprox									
Núm. De participantes										
HOMES	9									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	1	40-50:	2	> 50:	6
MULLERES	203									
por idade	<18:	2	18-30:	4	30-40:	16	40-50:	79	> 50:	102
PÚBLICO OBXECTIVO	Público en xeral.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Estas xornadas queren ser un foro de coñecemento e debate sobre temas de saúde de interese para a poboación en xeral entendendo a saúde como factor significativo no proceso de igualdade. A experiencia dos foros inaugurada o pasado ano pola Concellaría da Muller, este ano trasladárase ao ámbito rural, onde se realizaron unha serie de charlas- debate en sete parroquias (das doce que ten Ribadeo).</p> <p>As charlas- debate foron as seguintes:</p>										

-Envellecemento e calidade de vida (Andrea Gallego-médica de familia)

- Cambios psicolóxicos e físicos da muller adulta.
- Saúde mental e autoestima
- Alimentación e exercizo

-Coidados na infancia (Silveira, xefe de Pediatría do Hospital da Costa)

- Alimentación
- Prevención de enfermidades

-Coidar costa: Costes e beneficios do coidado (M^a Jose´López Terrón- Psicóloga especializada en Xereantoloxía)

- Quén coida as mulleres?
- Coidado do doente encamado

-Prevención de accidentes na casa e primeiros auxilios (Lucia Balea- Enfermeira)

- Primeiros auxilios
- Uso correcto dos medicamentos

da entidade organizadora

A extensión dos foros ás parroquias do rural, podemos considerar que foi un éxito pola gran afluencia de mulleres e ademais pola participación activa que amosaron nas conferencias. En contraposición a este feito, os foros impartidos na vila non tiveron unha ampla participación, aínda así resultaron igualmente productivos. A elección dos temas a abordar, como as persoas encargadas da súa exposición resultou ser un acerto, xa que as/os ponentes foron amenos, claros e didácticos. O único dato negativo a salientar foi a escasa participación de homes nos foros. Sendo os Foros unha actividade cuxo obxectivo principal é favorecer a participación das mulleres en temas do seu interese e desde unha perspectiva de xénero, a nosa pretensión era promover estilos de vida saudables e xerar propostas que minimicen as desigualdades en saúde e mellorar a calidade de vida de todas/os. Por iso, valoramos de forma negativa que non houbera unha maior participación do sexo masculino.

Do público asistente:

O público asistente quedou satisfeito polas charlas, resultándolle productivas, e quedando encantadas coas conferenciantes.

Custo global da actividade:

Cartelería e ponentes (1043.57 euros)

Identificación da actividade	CURSO DE INTERNET BÁSICO DIRIXIDO A MULLERES DESEMPREGADAS									
Lugar e datas de realización	19 DE SETEMBRO ATÉ O 5 DE OUTUBRO, NO EDIFICIO DA ESCOLA DE IDIOMAS									
Núm. De horas	55 h									
Núm. De participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	1	40-50:	2	> 50:	6
MULLERES	9									
por idade	<18:	1	18-30:	2	30-40:	1	40-50:	2	> 50:	3
PÚBLICO OBXETIVO	A mulleres desempregadas.									
Descrición do contido da actividade										
Curso formativo, financiado integramente polo Servizo Galego de Igualdade, dirixido a mulleres desempregadas co obxectivo de proporcionar coñecementos sobre as novas tecnoloxias, tanto para ter unha menor dificultade a hora de acceder a determinados traballos, como unha ferramenta máis a utilizar na búsqueda activa de emprego..										
da entidade organizadora										
En canto, ao aproveitamento do curso ofertado polo SGI, tendo en conta que o número de prazas ofertado era de 20 mulleres, e se ben apuntarónse 13, posteriormente deronse de baixa 5, co cal, consideramos negativo non poder cubrir integramente as prazas. Se ben, as mulleres que realizaron o curso até o fin do mesmo, lograron adquirir os coñecementos básicos e necesarios para poder desenvolverse por si mesmas na rede.										
Do público asistente:										
O público asistente valorou moi positivamente o curso, polos coñecementos adquiridos e á persoa que o impartiu, pola paciencia amosada. Algunhas delas, dixeron que se lles fixera curto, que debera ter máis horas.										
Custo global da actividade:	2644.63 euros									

Identificación da actividade	TALLER DE RISOTERAPIA.RIE MÁIS E VIVE MELLOR.									
Lugar e datas de realización	DO 20 DE OUTUBRO AO 20 DE DECEMBRO. TODOS OS MARTES AS 20:30 H NA CASA DA CULTURA.									
Núm. De horas	12 horas, en total, repartíndose en 6 sesións de 2 horas.									
Núm. De participantes										
HOMES	4									
por idade	<18:		18-30:	2	30-40:	2	40-50:		> 50:	
MULLERES	26									
por idade	<18:	3	18-30:	6	30-40:	10	40-50:	4	> 50:	3
PÚBLICO OBXECTIVO	Dirixido a mulleres prioritariamente.									
Descrición do contido da actividade										
<p>O obxectivo principal deste Taller é a mellora da autoestima e autoconfianza das mulleres, afianzando as habilidades de interacción, comunicación e de relación interpersoal basadas no respecto mutuo. Preténdese crear un espazo para estar cunha mesma, vivir o aquí e o agora, estar no presente xa que cando reimos é imposible pensar, axúdanos a descubrir os nosos dones, abrírnos horizontes,vencer os medos, enchernos de luz, ...Debemos lembrar que a propia Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como “ a saúde é o benestar físico, psicolóxico e social completo enon só a ausencia de enfermidades”. A risa é unha técnica básica tanto para fortalecer o sistema inmune e previr enfermidades, como para axudarnos a manter o benestar físico e mental.</p> <p>As sesións de risoterapia consisten no desenrolo de dinámicas de grupo. Faise unha breve explicación teórica e logo pónense en práctica os conceptos traballados a través de diversos tipos de xogos e técnicas (presentación, coñecemento, confianza, cooperación, técnicas de expresión corporal, relaxación..)</p>										
da entidade organizadora										
<p>A valoración é positiva, xa que é unha actividade que causou gran expectación entre as mulleres.Ademais con este Taller conseguimos por primeira vez achegarnos a un público máis novo. Se ben, as mulleres que participan nas actividades son mulleres traballadoras fóra do fogar, como as que se adican ao coidado da casa exclusivamente, e aínda que hai xente de todas as idades, podemos dicir, que a meia está nos 40 anos. Polo tanto, con esta actividade logramos chegar a mulleres máis xóvenes.</p>										
Do público asistente:										
<p>O público asistente valorou a actividade como satisfactoria, unhas porque o pasaban ben naquelas 2 horas, outras porque os efectos da risa producíanlle efectos beneficiosos para a súa saúde, acadando o sono nocturno con facilidade, e outras incluso resaltaron que lles permitiu coñecer a xente e falar con elas.</p>										
Custo global da actividade:	789 euros.									

Identificación da actividade	CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS ."UN FUTURO POR COMPARTIR EN IGUALDADE"								
Lugar e datas de realización	MESES DE NOVIEMBRE E DICIEMBRE FIXOSE COINCIDIR CO 25 DE NOVIEMBRE CELEBRANDO UNHA XORNADA-LÚDICO REIVINDICATIVA CO ESTUDANTADO DE SECUNDARIA								
Núm. De horas	12 talleres de 3 h impartidos polas técnicas do Consello de Xuventude de Galicia, para o estudiantado de 3º e 4º da ESO. 9 talleres de duración entre 1h/ 1:30 min, impartidos polo persoal do CIM ao estudiantado de Infantil(5 anos), de 3º e de 6 de Primaria. Xornada lúdico reivindicativa o 25 de novembro de 09:00h até 14:00h co estudiantado de Secundaria.								
Núm. De participantes									
HOMES	150-200								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
MULLERES	150-200								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
PÚBLICO OBXECTIVO	Alumnado dos Centros de Ensino de Ribadeo (Colexio Público Gregorio Sanz, Colexio Sagrado Corazón de Xesús, IES Porta da Auga, IES Gamallo Fierros)								
Descrición do contido da actividade									
<p>A educación é o instrumento básico para a corrección das desigualdades sociais e para a consecución da <i>igualdade de oportunidades entre homes e mulleres</i>. É o instrumento indispensable para a autonomía das mulleres, para eleixir conforme ao noso propio xuízo e para ter acceso aos dereitos que nos corresponden.</p> <p>A campaña , <i>Educando en igualdade " Un futuro por compartir en igualdade"</i> , constou das seguintes actividades:</p> <p>TALLERES</p> <p style="text-align: center;"><u>Estudiantado de Educación Secundaria</u></p> <p>Realizaróñse durante o primeiro trimestre do curso, nos Centros de Ensino de Ribadeo (IES Porta da Auga, IES Gamallo Fierros, Colexio Sagrado Corazón de Xesús),os seguintes Obradorios:</p> <p>1. Violencia de xénero: Obxectivo: Previr a violencia de xénero e as relacións de poder asimétricas favorecendo relacións de equidade como elemento necesario para o seu crecemento persoal e social. Contidos: - A parella e a familia. - O maltrato.</p> <p>2. Obradorio de xénero e igualdade: Obxetivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Ofrecer un espazo de reflexión a mozas e mozos sobre as diferencias que existen entre mulleres e homes, as súas causas e consecuencias. ✓ Promover a reflexión e o cambio de actitudes ante os esterotipos de xénero asociados a mulleres e homes. 									

- ✓ Propiciar unha visión crítica fronte aos roles tradicionais do varón e da muller. - Analizar a situación das nenas e das mulleres na sociedade.
- ✓ Fomentar a implicación da mocidade antes situacións discriminatorias por razón de sexo.

Os contidos:

- ✓ O sistema sexo-xénero.
- ✓ A diferente socialización de mulleres e varóns e as súas consecuencias.
- ✓ As funcións habituais do varón e da muller na sociedade, tanto no ámbito público como no privado.
- ✓ Identificación dos prexuízos e dos estereotipos en función do sexo.
- ✓ Medidas promotoras da igualdade entre mulleres e homes.

A **metodoloxía** foi activa e participativa, partindo da premisa do análise da realidade e das necesidades do propio alumnado, fomentando en todo momento a participación dinámica das persoas participantes no obradoiro. Traballáronse os obxectivos en grupo, ben a través do gran grupo ou de grupos pequenos. Utilizáronse diferentes técnicas e dinámicas grupais que favorecendo a implicación individual e colectiva no proceso de formación. Cada **obradoiro** tivo unha **duración de 3 horas**. Estes Obradoiros foron impartidos por persoal do **Consello da Xuventude de Galicia** (Técnicas de igualdade e de saúde). O **CXG** é o órgano oficial representativo das entidades xuvenís de Galicia. Para a execución dos Talleres firmouse un convenio con dita entidade.

Estudantado de Educación Infantil e Primaria

No Colexio Público Gregorio Sanz e no Sagrado Corazón de Xesús

O obxectivo destes Talleres é por en dúbida unha serie de rasgos e comportamentos predeterminados para todas as nenas e os nenos. Por exemplo, consideráse “normal” que as nenas sexan todas modositas, ordenadas e afectuosas e que os nenos sexan todos revoltosos e desordenados. Como normalmente estes modelos de comportamento que se consideran propios das nenas e dos nenos transmítense de forma implícita na nosa interacción con eles e con elas, seleccionamos o tema das tarefas domésticas. Nesta proposta de traballo na aula cuestionáse o papel subsidiario do coñecemento doméstico asignado tradicionalmente ás amas de casa e propónse que todas as nenas e os nenos se eduquen para a autonomía e para a relación, de modo que sexan competentes nas tarefas do fogar. A idea é revalorizar a importancia de algúns saberes fememnininos, en concreto do coñecemento doméstico, no noso entorno e destacar o seu carácter de tarefa indispensable para a vida das persoas e o bon funcionamento das familias e da sociedade.

A metodoloxía utilizada para estas/es nenas/os será mediante a proxección de filminas, debuxos, lectura de contos e mediante xogos para que poidan entender e assimilar o que se lles quere transmitir.

Estes Talleres foron impartidos polo Persoal do **Centro de Información ás Mulleres**.

Esta campaña de sensibilización nos Centros educativos sumouse este ano a conmemoración do **dia 25 de novembro** do “**Día internacional contra a violencia das mulleres**”, a meio dunha xornada lúdica co estudantado coa finalidade de conciencialos na necesidade da resolución do trato igualitario entre as persoas con independencia do seu xénero.pacífica dos conflictOS.

Esta **XORNADA LÚDICA-REIVINDICATIVA** tivo lugar ao longo da mañán do venres 25 de novembro realizándose as seguintes actividades:

1. Aula de Sexualidade. Educación sexual e afectiva e prevención de embarazos non desexados:

Obxetivos:

- Sensibilizar a mozas/os sobre a necesidade de adoptar actitudes positivas como promotores de calidade de vida individual e colectiva.
- Aportar información e orientación sobre recursos, servizos de atención e pautas para a prevención e a redución de riscos.

2. Proxección dun corto e debate

- “*Amores que matan*” de Iciar Bollain.
- “*Ate que a morte nos separe*”, produción de Mr Misto e o Concello de Monforte.

O obxectivo é propiciar o debate entre o estudantado para ter un coñecemento máis directo da súa

forma de pensar e de reaccionar ante os conflitos. De este modo tamén teremos datos que nos orienten a hora de actuar e traballar con eles.

3. Taller de Risoterapia .

Nos talleres de risa o que se fai é aprender a sorrir co corpo enteiro e utilizar os efectos terapéuticos da risa. A risa é un camiño para lograr a relaxación, abrir a capacidade de sentir, de ser nós mesmas/os, de ser máis creativas/os, de coñecernos mellor. Trátase de pasar un rato divertido á vez, que mediante o xogo mellorarase a autoestima, a autoconfianza e afianzarase as habilidades de interacción, comunicación e interrelación persoal basadas no respecto mutuo.

4. Cadea Humana

Nesta **xornada lúdica- reivindicativa**, combinamos o intercambio e transmisión de ideas e valores coa reivindicación do fin da violencia de xénero. O obxectivo é asunción por parte do estudantado da existencia dun problema social ao cal hai que facerlle frente e facelos copartícipes nesta xornada de loita contra a violencia de xénero.

Ese mesmo 25 realizouse cas/os rapazas/es dos centros de Ensino e con todas aquelas persoas que quixeron participar unha **cadea humana**. A ela sumaróñse, mulleres das asociacións de mulleres, mestres/as, e veciños/as da vila de Ribadeo. Nesa cadea a Concelleira da Muller deu lectura a un manifesto, e unha estudante recitou un texto do escritor X.L Caneiro adicado ás mulleres vítimas do maltrato “ por Elas”.

da entidade organizadora

O obxectivo desta campaña viña a ser concienciar ao alumnado desde os primeiros anos, optando por unha **educación en igualdade de oportunidades**, como proceso educativo que ten en conta e valora por igual as diferencias existentes entre as persoas, fundamentalmente as diferencias por razón de xénero, e intenta un desenvolvemento pleno e non mediatizado polos estereotipos, prexuízos e condicionantes sociais asinados a un e a outro sexo.

A valoración que facemos ven a ser positiva, en canto conseguimos aportar ou abrir os ollos a parte do estudantado(ainda que sexa mínima) da existencia dunha realidade diferente. Sen embargo, hai que facer mención, a boa disposición por parte da Dirección e orientadoras dos distintos Centros ao longo do desenvolvemento e planificación da campaña. Non foi así por parte do profesorado, que nalgún Centro coa súa atitude impediu que o seu alumnado puidera participar nalgunha das actividades da xornada lúdica do día 25, porque consideraban que non era unha actividade tan importante para sacrificar horas lectivas.

Por outra banda, apreciamos que hai que seguir incidindo de forma directa e constante no ámbito educativo e desde os primeiros cursos xa que a situación sigue a ser desigual.

Do público asistente:

Os test de avaliación da actividade que se pasaron a posteriori polas orientadoras reflectían a satisfacción do estudantado ante estas actividades, xa que decían que o pasaran ben. Por outra banda, xa nos referimos ante a boa receptividade por parte das equipas directivas dos centros educativos, agás determinados sectores do profesorado.

Custo global da actividade:

Edición de material (carpetas, cartaces, chapas, bolis lápices)

Convenio co CXG

Nesta campaña colaboraron economicamente, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e a Delegación de Servizos Sociais do Concello .e a Oficina de Información Xuvenil.

Identificación da actividade	OBRA DE TEATRO, “ <i>Na defensa da dama</i> ”, da Compañía Teatral Balea Branca.									
Lugar e datas de realización	O 27 DE NOVEMBRO ÁS 20:30 H NO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBADEO.									
Núm. De horas	2h aprox									
Núm. De participantes										
HOMES	26									
por idade	<18:	2	18-30:	5	30-40:	10	40-50:	5	> 50:	4
MULLERES	46									
por idade	<18:	4	18-30:	11	30-40:	15	40-50:	10	> 50:	6
PÚBLICO OBXECTIVO	Ao publico en xeral, homes e mulleres maiores de 14 anos.									
Descrición do contido da actividade										
<p>A Compañía Teatral Balea Branca presentou a súa obra “<i>Na Defensa da Dama</i>”. Esta obra está baseada en feitos reais e amosáanos o drama que no día a día viven as mulleres sometidas a malos tratos e a dura loita interna para saír desa situación a tempo.</p>										
da entidade organizadora										
<p>A obra veu a escenificar con crudeza a realidade no día a día, dunha muller que toda a súa vida sufriu un calvario, polo maltrato sufrido polo seu marido e cando era nena, polo acoso sexual de seu pai. Foi unha representación axeitada para a ocasión e o público que asistiu foi o que é asiduo ao teatro, e unha pequena porcentaxe de xente que ía movida pola temática que trataba a obra</p>										
Do público asistente:										
<p>O público asistente valorou a obra positivamente, gustoulles a posta en escena e respecto a forma de tratar o. Tema, dixeron que era un pouca dura, forte....</p>										
Custo global da actividade:	3000 euros.									

Identificación da actividade	MESA REDONDA “ COOPERACIÓN E ACTUACIÓNS NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”									
Lugar e datas de realización	30 DE NOVEMBRO, ÁS 20:00H NA CASA DAS LETRAS.									
Núm. De horas	1:30h/45 aprox									

Núm. De participantes										
HOMES	8									
por idade	<18:		18-30:	1	30-40:	3	40-50:	3	> 50:	2
MULLERES	17									
por idade	<18:		18-30:	2	30-40:	6	40-50:	4	> 50:	5
PÚBLICO OBXECTIVO	Público en xeral.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Na Mesa redonda contamos coa participación de M^a Jose Asensio, maxistrada do xulgado nº 6 de Lugo, Elisardo Fernández, Xefe Provincial da Policía Autonómica, e a avogada do CIM. O tema a tratar era a violencia de xénero desde as diferentes actuacións, demanda de información, denuncia, sentenza,..., a cooperación existente entre as forzas actuantes, e debate sobre a nova Lei Integral de medidas contra a violencia de xénero(opinión sobre a mesma, ventaxas, deficiencias,...)</p>										
da entidade organizadora										
<p>A Mesa Redonda resultou ser moi productiva, os ponentes, deseñaron as súas intervencións desde unha perspectiva práctica, ceñíndose ao que lles acontecía nos casos que se lles prantexaban e contando a realidade e as posibles solucións que podían ofertar desde o seu ámbito. A linguaxe utilizada foi moi coloquial o que favoreceu o entedemento e fluidez entre o público e ponentes.</p>										
Do público asistente:										
<p>A xente asistente a mesa redonda participou no debate posterior, e saliu satisfeita da charla, e ademais atoparon as persoas(xuíza e policía) moi cercanas e sensibilizadas coa temática que se estaba a tratar.</p>										
Custo global da actividade	Agasallos conferenciantes (50 euros)									

Identificación da actividade	CONFERENCIA ALBERTO LINARES, " ASPECTOS PRÁCTICOS E LEGAIS DO FENÓMENO DA INMIGRACIÓN NA LOCALIDADE									
Lugar e datas de realización	1 DE DECEMBRO, ÁS 17:00H, NO AUDITORIO MUNICIPAL									
Núm. De horas	2:45H									
Núm. De participantes										
HOMES	20									
por idade	<18:	2	18-30:	8	30-40:	6	40-50:	2	> 50:	2
MULLERES	43									
por idade	<18:	4	18-30:	25	30-40:	10	40-50:	4	> 50:	
PÚBLICO OBXECTIVO	A inmigrantes e persoal de organismo públicos ou privados que traballe o tema.									

Descrición do contido da actividade	
<p>Na Conferencia fíxose unha breve descrición sobre a lexislación existente, e a situación actual na que nos atopabamos, despois do fin o día 8 de maio do proceso de regularización extraordinario. Posteriormente abruce un turno de palabras onde o público asistente. fixeron preguntas sobre aspectos prácticos e casos concretos.</p>	
da entidade organizadora	
<p>Positiva, en canto a asistencia que posibilitou poñernos en contacto con xente que está nunha situación de irregularidade, ou de regularidade pero con determinadas dúbidas sobre os permisos, renovacións.... O ponente foi moi claro nas explicacións e resolveu as múltiples preguntas formuladas.</p>	
Do público asistente:	
<p>A aceptación foi boa, xa que presentaron as súas dúbidas e significou un achegamento pot prte da administración Local a persoa que se están incorporando e integrando nun país diferente ao de orixe.</p>	
Custo global da actividade:	<p>Agasallo Ponente (24 euros) Fíxose en colaboración coa Delegación de Servizos Sociais</p>

Identificación da actividade	EXPOSICIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO "PINCELADAS SOLIDARIAS"								
Lugar e datas de realización	21 DE DECEMBRO ÁO 31 DE DECEMBRO, NA CASA DA CULTURA								
Núm. De horas	11:00h até 13:00h e de 17:00h ate 20:00h								
Núm. De participantes									
HOMES	150								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
MULLERES	250								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
PÚBLICO OBXECTIVO	Público en xeral								

Descrición do contido da actividade	
<p>Exposición itinerante de solidariedade coas vítimas de violencia de xénero,(foi exportada no Concello de Foz, Viveiro e Ribadeo) organizada pola Asociación de Mulleres Agarimo, de Viveiro. Esta exposición solidaria trata de abrir un camiño a esperanza, transmitindo ao público mesaxes. Está realizada por un grupo de artistas plásticos residentes na Comarca da Mariña. O 40 % das vendas da exposición será cedido á Asociación Agarimo ponendo así unha vez máis o arte ao servizo dunha causa noble e necesaria: por de manifesto un crime e sacalo da esfera privada.</p>	
da entidade organizadora	
<p>As iniciativas das asociacións de mulleres son positivas en si mesmas, xa que é necesario crear un movemento social de mulleres activo</p>	
Do público asistente:	
<p>A iniciativa en si valourouse positivamente.</p>	
Custo global da actividade:	<p>0 euros.</p>

3. COMENTARIOS OU OBSERVACIÓNS SOBRE AS FUNCIÓNS DO CIM

Os CIM como organismo ou servizo público cuxo obxectivo primordial e principal ven a ser a consecución dunha sociedade igualitaria, onde exista unha igualdade real entre os xéneros, será a súa definición de funcións, competencias e o uso das mesmas unha cuestión fundamental para poder efectivizar a premisa enunciada, convertíndose nun valor en si mesmo. Será tan necesario a existencia dun instrumento, como a utilización do mesmo.

Hoxe en día, a utilidade e necesidade dos CIM non é cuestionable, pero a meu xuízo, si poden mellorarse tanto no que atinxe ás súas funcións, como no funcionamento. Polo que respecta as súas **funcións**, considero que debera facerse unha pequena modificación, xa que como o seu propio nome indica son Centros de Información ás Mulleres, e de aí que o seu cometido sexa dar información, orientar e asesorar ás mulleres sobre as demandas suscitadas. Evidentemente non é a miña pretensión prantexar un cambio radical nesta cuestión, xa que creo que o persoal dos CIM sempre debemos informar das posibles solucións e deben ser as usuarias quen tomen a decisión última. Sen embargo, si prantexaría en determinados casos e circunstancias unha función de intervención directa. Estou a referirme as funcións propias do persoal que integra este servizo, xa que as funcións das/os avogadas/os quedan algo coxas ao non poder exercer directamente ningunha función de defensa, só podemos dar asesoramento e logo derivar noutros servizos ou tramitar a xustiza gratuita, co cal, as casos, despois da espera de anos e anos de decidirse a denunciar ou a falar do seu problema. Non prantexo converter os CIM en despachos particulares, senón que para determinados casos puntuais, urxentes e cando se trate de infraccións leves(faltas e delitos menores) a súa función puidera ser mías directa, non só limitarse a asesorar e intervira de forma directa no xuízo de faltas (Algo similar ao funcionamento das avogadas dos Centros Asesores da Muller de Asturias).

Respecto as función das psicólogas ou traballadoras sociais non teño nada que obxetar No noso caso, o traballador social do Concello é o que ven colaborando con

nós, e por agora non vemos necesaria a integración dunha/dun con función única e exclusiva dos CIM. Si quería facer mención a outra figura, de recente creación, que debería integrarse como persoal dos CIM. Estou a falar, das/os axentes de igualdade, entendendo que si teñen unha formación específica para desenvolver o seu traballo, aínda que a día de hoxe non exista ningunha titulación específica. É imprescindible a existencia destas figuras para poder desenvolver campañas educativas, laborais, de sensibilización nos medios... Evidentemente que esta formación como complementaria pode poseela o persoal dos CIM (psicólogas, avogadas, traballadoras sociais..) e poderían cumprir esta función.

O prantexamento de incluír estes axentes de igualdade dentro dos CIM, débese a integrar os CIM como servizos dependentes da Concellaría da Muller, e polo tanto, separados de Servizos Sociais, aínda que en estreita e continua relación con eles. Os CIM deben de actuar baixo criterios transversais, e de aí ser un servizo do Concello ou Mancomunidade que cuestione e revise a igualdade entre xéneros en todos os departamentos delegacións (uso de espazos, emprego e inserción laboral, novo xacementos e desenvolvemento local, cultura , educación... desde unha perspectiva de xénero, inclusive o deseño dos orzamentos). De feito existen experiencias prácticas neste sentido, os Centros Asesores da Muller, en Asturias ou na Comunidade Valenciana contan con estas figuras. A outra posibilidade pode ser incluílas, nos Concellos ou Comarcas, sen estar integradas nos CIM.

En definitiva este é un debate longo e complexo e que dependerá tamén das experiencias concretas de cada quén, pero si penso que son necesarios algúns cambios, os cales deberán realizarse para poder mudar e nun futuro transformar esta sociedade patriarcal, co cal , temos que facer que as ferramentas a utilizar desde cada localidade, comarca,... sexan funcionais e útiles.

4. SUXESTIÓNS, QUEIXAS E DENUNCIAS ÁS ADMINISTRACIÓNS

Non se fixo ninguha xestión ou queixa nin escrita nin verbal a ningún organismo ou entidade.

5. RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES

As relacións coas institucións públicas, veñen a fundamentarse na coordinación e axuda sempre que se demanda a calquer entidade. Por agora, nunca tivemos ningunha traba con ningunha institución ou organismo . En todo caso, relatarei as relacións máis directas que houbo neste periodo de traballo.

- o Firma dun **Convenio co Consello da Xuventude de Galicia (CXG)** . Este convenio firmado entre o Concello e dita entidade(organismo representativo da mocidade galega a nivel institucional) facíase para dar a coñecer dita entidade entre os/as mozos/as ribadenses e arredores e para que as técnicas de dita entidade executaran Talleres de igualdade e de Violencia de xénero entre o alumnado de 3º e 4º curso da ESO, dentro da Campaña de sensibilización en Igualdade nos Centros Educativos promovida polo CIM e a Concellaría da Muller.
- o **Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade**. A esta Dirección se lle apresentou o proxecto da campaña de igualdade nos centros, por dirixirse á xente moza, e esta Dirección colaborou activamente nesta campaña, de forma económica, axudando a costear a mesma e contando coa presenza do Director

Xeral de Xuventude na cadea Humana realizada o 25 de novembro co estudantado.

- Colaboración directa e fluída co **Xefe da Oficina de Estranxeria de Lugo** (Alberto Linares). Son moitas as demandas de mulleres inmigrantes na nosa vila, co cal, en numerosas ocasións nos puxemos en contacto con este departamento, e contamos coa presenza de Alberto Linares nunha conferencia.
- Relación boa coas **Forzas e Corpos de Seguridade do Estado**. Co SAF da Policía Nacional, coa Garda Civil de Ribadeo, Castropol,...
- Cos **Concellos da Mariña** fanse as veces actos conxuntamente. Tamén existen relacións cos CIM, e sobre todo co CIM de Mondoñedo.
- **Asociacións de Mulleres:**
 - En Ribadeo existen cinco asociacións de mulleres coas que se colabora activamente, na organización das actividades.(Asociación de mulleres rurais, Asociación de Viúvas, Asociación de Separadas e Divorciadas, Amas de casa e Colectivo 8 de marzo)
 - O Concello de Ribadeo ten sobre 54 asociacións(culturais, deportivas, veciñais...) as que informamos de todos os actos organizados polo CIM.
 - Consello Municipal da Muller, Se ben, está aprobado o regulamento e xa procederon as asociacións que o conforman a nomear representante, estamos agardando ao Decreto de nomeamento, para poder convocar a primeira reunión de constitución do mesmo. Vai ser fundamental para dinamizar a participación das mulleres e para manter un contacto máis fluído co rural.
- Relacións cos Sindicatos, Asociacións de Empresarios, Centro Comercial Aberto do Concello de Ribadeo.

6. RELACIONES COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

As relacións cos medios de comunicación son boas, nós transmitímoslles información a medio de notas de prensa ou cando o consideramos oportuno convocamos roldas de prensa, e o trato ven a ser bón.

Os medios cos que traballamos, que por outro lado son os existentes:

- **Xornais:**

- La Voz De Galicia – edición A Mariña
- El Porgreso- edición A Mariña
- Semanario de carácter local- A Comarca
- La Nueva España

Radios:

- Radio Cope
- Onda Cero
- Ser (Asturias e Viveiro)

- **Teles:**

- Localia
- ORT
- TVG- Delegación da Mariña.

7. FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL DO CIM: relación de asistencias

➤ **Avogada:**

- Xorda formativa sobre inmigración – Abril 2005- Realizada polo SGI
- Xornada sobre cooperativismo- Xuño 2005-
- I Xornadas sobre violencia de xénero, realizadas pola Asociación de xuíces e maxistrados suplentes – Xuño 2005 -

- Xornada formativa dos CIM – 18 de novembro de 2005-Realizada polo SGI.

➤ **Psicóloga**

- Xornada formativa dos CIM- “ Mulleres xitanas”- Maio 2005-
- Xornada formativa dos CIM- 18 de novembro de 2005-
- Xornada para as psicólogas dos CIM- 17 de decembro

8. **ANEXOS**

DOSSIER DE PRENSA (novas mais relevantes)

PUBLICIDADE CAMAPAÑAS

**DOSSIER PRENSA:
FEBREIRO-DECEMBRO 2005**

**Fonte: A VOZ DE GALICIA
EL PROGRESO**

CIM RIBADEO

Ribadeo aprueba la creación del Consello da Muller

  25 febreiro de 2005

El pleno ribadense aprobó la iniciativa promovida por el BNG de crear un Consello Municipal da Muller, una las principales líneas de trabajo de la concejalía de la Mujer que preside Mari Luz Álvarez Lastra. Este órgano tendrá por objeto promover la participación de las mujeres en la vida política y social de Ribadeo, a la vez que servir de transmisor de las propuestas que surjan en cualquier ámbito relacionadas con los problemas de las mujeres.

«O proceso de definición e elaboración do regulamento foi desde un primer momento participativo, xa que se instou ás asociacións de mulleres existentes no Concello á realización de propostas en sucesivas reunións que se desenvolveron desde o primer esquema até o proxecto definitivo. Proxecto aprobado no pleno por unanimidade, convertíndose deste xeito no regulamento que establece o funcionamento do Consello Municipal da Muller», señaló Luisa González, del Centro de Información ás Mulleres de Ribadeo.

A partir de ahora se abre el plazo para que las asociaciones de vecinos, empresariales, sindicatos, de mujeres, etcétera, nombren a un representante para integrarse en el consejo, que se constituirá formalmente en el mes de abril.

El Concello de Ribadeo ofrecerá un servicio de atención a la infancia

  2 de Marzo de 2005

(la voz | ribadego)

El Ayuntamiento de Ribadeo pondrá en marcha un servicio de atención a la infancia, que servirá para atender a los niños mientras sus padres participan en las actividades lúdicas y formativas que organiza el Concello. La concejal de la Mujer, Mari Luz Álvarez Lastra (BNG), desveló ayer la iniciativa, cuyos pormenores serán expuestos hoy en el discurrir de una rueda de prensa.

El servicio de atención a la infancia, según explicó ayer Álvarez Lastra, es la primera de las medidas que desde la Concejalía de la Mujer se promueve para fomentar la conciliación de la vida familiar y laboral, y para facilitar la participación de las mujeres de Ribadeo en el ámbito cultural, en particular en las iniciativas de esta índole organizadas desde el Concello.

Hoy también se presenta de forma oficial la campaña organizada en Ribadeo con motivo del Día de la Mujer Trabajadora.

El Ayuntamiento ribadense expresa su solidaridad con las mujeres de Palestina

  12 de Marzo de 2005

(la voz | ribadense)

